



No pasado mes de outubro, María Rosa Lojo leu o seu discurso de ingreso como Académica de Honra da Real Academia Galega titulado “Unha galega filla en Buenos Aires”, ao que respondeu o presidente da institución, Víctor F. Freixanes. Como deixei escrito nalgún artigo, a profesora e escritora arxentina con devanceiros galegos gozaba de méritos sobrados para entrar na institución: xa non só polos valores incuestionables de carácter literario que atesoura, senón tamén por manter sempre acesa na memoria a chama do exilio e do que significaron para ela as raíces do seu pai. As raíces e a memoria constitúen, ao mesmo tempo, alicerces esenciais que constrúen o seu imaxinario.

Falamos para GRIAL precisamente do legado familiar e da identidade galego-arxentina, ou arxentino-galega, nunha conversa onde inevitablemente asoman algúns dos ángulos máis queridos da súa obra literaria, sen esquecer aquela á que podemos acceder en lingua galega. Na conversa xermola e abrázanos esa urda que alimenta boa parte da súa produción e que nos resulta tan admirable e querida.

TEXTO: RAMÓN NICOLÁS

FOTOGRAFÍAS: ARQUIVO REAL ACADEMIA GALEGA

Falemos do teu pai, a quen te referiches en numerosas ocasións en moi diversos textos. Quen era? Que razóns o conduciron á Arxentina? Cales son os teus primeiros recordos del?

O meu papá, Antonio Lojo Ventoso, chegou á Arxentina como tantos na posguerra: quería outra vida nun mundo novo, despois da traumática experiencia dunha traxedia colectiva en que estivo do lado perdedor. Non se resignaba a unha España onde o réxime franquista ameazaba eternizarse. Esa foi a razón fundamental que el referiu sempre.

Lémbroo como un home emprendedor, práctico, intelixente. Gustaríalle gozar da oportunidade de estudar, dicía, algunha carreira (enxeñaría, arquitectura). Alistado moi novo na Mariña de Guerra e Aire, contou tamén co apoio do seu xefe (o coronel Juan Sande García) para seguir estudos de oficial. Ningún deses soños puido cumprirse. Aínda así, na Arxentina formou unha familia, chegou a ter un negocio de seu (un taller de reparacións de automóviles) e a construír unha fermosa casa nas aforas de Buenos Aires, a forza de austeridade, laboriosidade e pulo. Era hábil e enxeñoso nas tarefas manuais, amante das innovacións, os inventos, o progreso científico. Todo o que ampliase o coñecemento e mellorase a calidade de vida das persoas. Ao mesmo tempo, sempre se mantivo fondamente vinculado ao mundo da orixe, á “soldadura racial”, como describiu Roberto Arlt cunha acertada metáfora, “entre o galego e a súa paisaxe”.

Aludiches nunha obra narrativa a que a alma do teu pai quedou presa nun mundo arcaico, inmortal e máxico, e tamén te refires adoito ao “canto da liñaxe”, que tanto influíu en ti. Como foi o proceso de asunción desta percepción e como foi a dinámica da súa transmisión na contorna familiar?

Papá naceu na aldea de Comoxo, pertencente ao concello de Boiro, de onde tamén é orixinario o noso vello apelido barbacés. En Comoxo coñecíase á familia como “os da casa de María Antonia”. Nada de *nomen* patrilineal ou de *cognomen* masculino, senón un alcume denotativo de posesión correspondente ao nome propio da miña tataravoa. Na casa rural vivían moitos: os meus avós Ramón e Rosa, os seus nove fillos (dous dos cales morreron na infancia); tamén había un tío paterno que, polas descricións, debeu de padecer algún trastorno mental desde a temperá nenez (seica o que hoxe chamamos autismo). Os meus bisavós non quixeron que o ingresasen nunha institución.

O avó Ramón asumiu o compromiso de que terían conta del no seu fogar, e así se fixo.

Esas lembranzas concluíron plasmándose nunha das miñas novelas: *Árbol de familia*. Todo saíu das evocacións na sobremesa dos domingos: era o único momento da semana en que papá dispuña dun tempo de lecer relativo. Mais abondoulle para agasallarme un mundo. Un ecosistema: o bosque. Un mapa social. Un imaxinario. Unha historia que se perdía na lenda e confluía co mito. Un “canto de liñaxe” que nos ligaba co *castiñeiro*, a nosa árbore totémica. “Era su árbol fundador, después de todo, un verdadero ‘árbol madre’: árbol de la vida, árbol del mundo, eje cósmico capaz de abastecer las necesidades de toda una familia y, por extensión, de la especie humana. En sus hojas rejuvenecía, cada primavera, la esperanza del reencuentro” (*Árbol de familia*. Buenos Aires: DeBolsillo, 2010, p, 102).

Quedei literalmente “enfeitizada” por esas narrativas que me levaban a outro espazo e a outro tempo. Ou a un non-tempo na eternidade das montañas verdes e as inmemoriais casas de pedra. Alí había lobos e fiandeiras coma nos contos dos irmáns Grimm. Mais os seus protagonistas non eran seres afastados de pura ficción, senón nada menos que os meus propios devanceiros. Non podía pedirse un relato máis fascinante.

Unha vez soñei que un xacarandá nun xardín de Buenos Aires podía ser un motivo para seguir vivindo. Ti contaches que un castiñeiro, tamén nun xardín en Buenos Aires, fixo que volveses a onde nunca estiveras. Cando e como descubriches que ese lugar, ou non lugar, existía, e que sensacións tiveches ao (re)atopalo? Ten que ver con esa autodefinición túa de “exiliada filla”?

Fiel á memoria da súa árbore mítica, papá plantara un castiñeiro novo no noso xardín de Castellar, que tiña dentro unha misión secreta: “En sus hojas rejuvenecía, cada primavera, la esperanza del reencuentro. Pero los castaños no se avienen con el clima de Buenos Aires: los frutos eran muy malos, casi raquíticos, ni siquiera valía la pena extraerlos de su coraza puntiaguda. Sin embargo, el castaño dio otro fruto mejor y más esperado. Cuando ya mi padre había muerto pude, por fin, volver a la tierra que yo aún no conocía, y donde él no llegó a retornar nunca. A mi regreso, el castaño empezó a morir, irremediable y violento. En un mes se había secado de la copa a las raíces. Comprendí que simplemente daba por cumplida su misión terrena, que siempre había estado allí



María Rosa Lojo recibe a medalla e o diploma de académica de mans do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes

sólo para encarnar la fuerza del deseo, la poderosa pulsión de la nostalgia, el primer mandamiento que se le impone al hijo del exilio” (*Árbol de familia*. Buenos Aires: DeBolsillo, 2010, pp, 102-103).

Cando pisei, no nome do pai, ese lugar onde eu nunca estivera, non puiden entrar na casa vella dos meus avós nin nas súas leiras, que se venderan, pero todo me resultou recoñecible. Aínda que non existía o castiñeiro ancestral, outros o resignificaban. A paisaxe é un palimpsesto de pegadas memoriais, dos sentidos presentes, pasados e futuros depositados nel. A “terra pai” pareceume unha mestura curiosa e entrañable do arcaico tradicional (os hórreos, os cruceiros, os peitorís, os valos, a pedra cuberta pola carriza por todas as partes) coa infraestrutura desa modernidade que por fin chegara e que tantos galegos saíron buscar noutros horizontes. Iso non implicou destruír o antigo; só melloralo ou “intervilo” desde o punto de vista da creación. Pensei que a papá lle gustaría tanto velo, que dalgún xeito estaba a velo a través dos meus ollos. Que a enorme fenda aberta polo exilio quedaba, dalgún xeito, reparada.

Ao veres con perspectiva a túa dobre identidade, esa túa dobre cidadanía, como influíu na túa maneira de entender o mundo e de contalo?

Ao comezo foi unha fonte de angustia. Os meus pais enfocaban a vida na Arxentina como un tránsito, unha estadía provisoria. A verdadeira vida, a que realmente pagaba a pena, parecía posible só alén mar. A cal deses mundos pertencería eu? Ao cabo, xa vinculada ao meu chan de nacemento pola familia que eu creara, entendín que non había que elixir: os dous vivirían sempre dentro de min. Teño para min que este fragmento da miña novela *Solo queda saltar* (2018) o define ben: “Yo soy el vaivén. Cuando me voy, nada dejo, porque todo viaja conmigo. Soy la casa sin anclas, soy mi propia barca que cruza los abismos llevando la memoria de todas las orillas.”

No teu discurso de ingreso como académica de honra na RAG afirmas que a vida humana é unha cadea de necesarias débedas e que ti estás orgulloso de contraelas. Galicia supuña unha débeda para ti?

En todo caso é unha débeda constitutiva, inseparable do que son. Non podo dicir que contraín

esa débeda, porque Galicia me fundou, porque son a súa feitura. É a orixe perdida e, á vez, sempre presente. Ratifico esa orixe coa miña vida.

Tamén aí aseverabas que, tras este recoñecemento, adquires unha función que “se desempeña ao entrelazar mundos e reunir horizontes”. No teu caso están unidos desde sempre, pero en que sentido cómpre avanzar?

O meu obxectivo é seguir amosando, desde o meu campo de creación e estudo, a interacción continua de Galicia e da Arxentina ao longo das súas historias entretecidas: exhibilas, contalas, traelas á luz. Iluminar as interseccións, os mutuos legados. A inmensa plataforma que repousa baixo a punta do iceberg.

Igualmente, no limiar do teu discurso sinalas que honras as mulleres da túa familia coas palabras. Con elas, en expresión ao meu ver acertada, teces, coses e bordas sobre “un bastidor de papel, libro após libro, unha longa carta que lle leva ao futuro noticias do pasado”. Que outras cartas tes por escribir?

Quizais agora se trata das cartas do presente ao presente, entre beira e beira, de Fisterra a Fisterra, que se escriben en diversos planos e a múltiples destinatarios: a familia galega que se multiplica e se refai, o novo lectorado da outra beira do mar, os meus interlocutores de angueiras e de oficio.

Darei algúns exemplos e comezo polo acto de ingreso na RAG, que foi tamén un dos momentos máis emotivos da miña vida. Débollo sobre todo a dúas persoas que o posibilitaron: unha é Víctor Fernández Freixanes. El considerou especialmente importante que a miña familia galega (a maioría residente en Boiro e os arredores) puidese asistir, e habilitou un autobús para que todos estivesen, aínda para os máis anciáns. A outra persoa é un membro da familia con quen aínda non me atopara nunca: Lorena Nieto Lojo, sobriña bisneta do meu avó Ramón Lojo Lago. Lorena (que vive e traballa en Madrid e viaxou para estar presente) organizou a rede, convocou a todos os que había que convocar, de maneira que había tres xeracións de Lojos na cerimonia: desde curmá e curmáns carnaís do meu pai, moi anciáns, pasando polas miñas propias curmá e curmáns carnaís, ata os seus fillos e netos. Grazas a Lorena, visitei despois a miña homónima: María Rosa Lojo Rey, curmá carnal do meu papá, afillada da miña avoa Rosa, residente en Euskadi, que hoxe se achega aos 97 anos tecendo sutís marabillas de labores de gancho: colchas, fundas

de almofadón, escarpíns, roupas de boneca, o seu fermoso legado contra o esquecemento.

Nese bus que partiu de Boiro con gran parte dos meus familiares, chegaron tamén alumnas, alumnos e profesores do IES Espiñeira, de Boiro, encabezados pola profesora Margarita Fernández Gómez, responsable alí dun increíble proxecto de tradución da literatura universal ao galego que se leva a cabo no mesmo instituto. Dentro deste marco publicaron o meu último libro de poemas: *Los brotes de esta tierra (Os abrochos desta terra)*.

Outras “cartas ao presente” escríbense no meu diálogo cos escritores galegos vivos, e tamén con historiadores e investigadores. A algúns coñecinos hai xa moitos anos, como é o caso dos historiadores Xosé Manoel Núñez Seixas, Ramón Villares Paz, Pilar Cagiao Vila, e dos escritores Víctor Fernández Freixanes e Xavier Alcalá (ambos vinculados á Arxentina polos seus libros e pola vida). Logo, fun atopándome con Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Suso de Toro, Manuel Rivas, Antón Riveiro Coello, Francisco Fernández Naval, Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, e con outros e outras, da miña xeración e máis novos, que van arrequecendo ese mapa de interaccións. Nos anos máis recentes sumáronse, por exemplo, a poeta Olga Novo e o narrador Xesús Fraga, con quen compartín fermosos diálogos públicos e persoais a partir dos seus textos. Novos tecidos de experiencias e de palabras.

No ámbito da túa produción como investigadora publicaches un traballo titulado *Los gallegos en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa* (2008). Sei que é difícil a resposta pero, sería posible sintetizar as conclusións deste traballo? E, ao fío deste ensaio, que queda de Galicia na Arxentina e na Arxentina de Galicia?

Na Arxentina hai pegadas de Galicia por todas partes. Son tantas e tan evidentes que, paradoxalmente, custa recoñecelas como tales, como ocorre coa “carta roubada”, no célebre conto de Edgar Allan Poe. Desde os apelidos, os topónimos, os préstamos lingüísticos, ata o legado artístico, literario, editorial, culinario, relixioso, ético. As pegadas amplamente espalladas teñen tamén encarnacións ben específicas moi activas, como o colexio bilingüe Santiago Apóstol, as cátedras universitarias de Estudos Galegos, o grupo Lectores Galegos, con centro en Buenos Aires, as diversas asociacións e círculos culturais por todo o país.



Cos académicos da RAG, tras a cerimonia

E en Galicia lémbrese permanentemente á Arxentina, ata hoxe. A achega dos indianos e dos retornados, que trouxeron novas músicas, gustos, costumes, desde o tango ao mate. A “Galiza ideal”, a “Galiza ceibe”, soñada en Buenos Aires por Castelao e por outros exiliados é un proxecto finalmente realizado, que atopou na “quinta provincia” as condicións para xestarse. Como dixo tan lucidamente Ramón Villares, non se trata de historias paralelas, senón de historias interconectadas, que se alimentan mutuamente.

No que fai á literatura, o imaxinario da migración segue vivo nas dúas beiras: Galicia nas memorias e as autoficcións deste lado, e A Arxentina nas narrativas dos galegos, teñan parentes emigrados ou non.

Podemos ler na nosa lingua dúas pezas da túa autoría: *Finisterre*, traducido baixo o título de *A fin da terra* (2006) e *O libro das Seniguais e do único Senigual* (2010), en colaboración coa túa filla, a artista Leonor Beuter. Fálanos da intrahistoria destas pezas.

No caso de *Finisterre* / *A fin da terra*, a trama da novela, que se sitúa entre 1835 e 1875, aproximadamente, xiraba por volta dun personaxe histórico real: Manuel Baigorria, campesiño e militar, que durante as terribles guerras civís arxentinas se exiliou entre os indios ante a derro-

ta do seu bando. Na comunidade aborixe tivo que se integrar o mellor que puido. Chegou a ser un xefe respectado, mais en tal carácter viuse na frecuente necesidade de combater contra os seus propios paisanos cando se reavivaban os conflitos de fronteira entre os crioulos e os indios. Así viviu durante máis de dúas décadas, ata que a situación deu un xiro. Sabemos algo disto por unhas *Memorias* súas onde deixa translucir, aos poucos, a súa escisión interior e a súa nostalgia cada vez máis intolerable pola súa terra natal.

Ao comezo pensei en seguir ese camiño aberto polas *Memorias* e reescribilas en forma novelasca, afondando na intimidade que Baigorria (atento sobre todo á reivindicación e xustificación pública da súa figura, e ás súas fazañas militares) preferiu esquivar. Porén, á fin e ao cabo decateime de que estaba moito menos interesada no mesmo personaxe que na situación que define a súa vida: a súa enguedellada identidade, a súa dobre pertenza a dous pobos, a dúas beiras, dúas culturas en guerra. O que máis me atraía era o seu sentimento de exilio, a súa insatisfacción permanente, a súa inevitable metamorfose, a imposibilidade de volver a un tempo/espazo irremediabilmente perdido. Observei tamén que, mentres non faltaban testemuños de primeira man de varóns que pasaran por esas experiencias, os relatos de mulleres con vivencias de

O meu obxectivo é seguir amosando, desde o meu campo de creación e estudo, a interacción continua de Galicia e da Arxentina ao longo das súas historias entretecidas: exhibilas, contalas, traelas á luz. Iluminar as interseccións, os mutuos legados. A inmensa plataforma que repousa baixo a punta do iceberg.

cruzamento (xa fosen cativas de “malones” —invasións indíxenas— ou acompañantes de crioulos refuxiados) sempre se leran mediatizados por testemuñas (mascullinas), polo xeral figuras de autoridade: expedicionarios, sacerdotes, militares.

Así xurdiu a intención de que a mirada e a voz fundamentais do relato fosen as dun personaxe ficcional (aínda que non inverosímil): a cativa Rosa/Rosalind, española de pai irlandés e nai galega. Manuel Baigorria, logo de prover o impulso inicial, non desapareceu do texto. Quedou no seu centro narrativo, como motor da intriga (o ataque en que Rosalind e outros pasaxeiros son capturados polos indios ranqueis) e tamén nun centro simbólico, imaxe sempre presente dun tránsito e un exilio que Rosalind deberá afrontar ao seu xeito. Ela sobrevive a un duro proceso de adaptación cultural, e pode ver a súa propia identidade persoal e colectiva desde outro ángulo, cando volve por fin. Seica porque comprende, como Rosalía de Castro, que “toda a terra é dos homes”. Esta obra si está vertida ao galego, grazas ao extraordinario tradutor que agora me entrevista.

En canto ao *O libro das Seniguais e do único Senigual*, que é un álbum ilustrado, a idea partiu da coautora visual, a miña filla Leonor Beuter. Ela fixera unhas esculturas mínimas de tea e arame semellantes en algo aos bonequiños Quitapenas, típicos de Centroamérica. Pero non se trataba dunha copia. Na realidade eran únicas, singulares, “seniguais”, de identidade e aparencia indefinibles (insectos?, meigas?, fadas?). Amosoumas, convencida de que cumpría inventarlles un mito de orixe, unha narrativa. Así xurdiu esta obra, publicada primeiro por Galaxia (2010) en galego e logo en castelán, no selo transatlántico Mar Maior (2016). O texto do libro comeza parodiando os manuais de zooloxía, cando persegue definir a nova especie, e deriva no universo máxico-poético. Estas “Seniguais”, que a nena Isolina atopa nos acantilados de Fisterra, acompañana, inadvertidas na súa migración a América, dentro dun cesto da costura que foi da súa

nai. Entre as súas particularidades cóntase o non reproducirse mediante o sexo, senón mediante a “enxeñaría téxtil”. Cósense unhas ás outras. Por iso, ao único macho da especie, o Senigual, non lle queda outro remedio que engaiolar cabalos do demo. De cando en cando (cada morte de bispo), xorde desa unión impensable unha criatura tan fóra de serie como os obxectos vangardistas....

Dentro da túa amplísima obra escribiches outras novelas onde estamos moi presentes. Por exemplo en *La pasión de los nómadas* (1994) en que reaparece o Merlín cunqueiriano nunha sorte de viaxe cuántica. Que bo sería ler este libro no noso idioma...

Esta novela tivo moi boa repercusión na Arxentina, onde recibiu o Primeiro Premio Municipal de Narrativa de Buenos Aires. Hai moitos estudos sobre ela na crítica especializada internacional e mesmo foi traducida ao inglés. Aínda así non é coñecida en Galicia. Coido que a súa recepción non pode completarse cabalmente sen esa versión galega que lle falta. A través dos mitos e das figuras históricas que viaxan no tempo representa quizais como ningún outro dos meus libros o vencello dos nosos mundos, a hibridación étnica, simbólica, cultural, a partir de dous grandes libros e personaxes que a novela reelabora e cos que dialoga: Lucio Victorio Mansilla e a súa *Una excursión a los indios ranqueles*, un clásico arxentino, e *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro, un clásico galego onde os haxa. Coido que se o meu libro puidese verterse á lingua de Cunqueiro sería tamén un acto de xustiza: a novela non é menos significativa para Galicia que para A Arxentina.

Tamén en *Árbol de familia* (2010) e *Todos éramos hijos* (2014) hai autoficción cun gran peso da evocación familiar e do mundo dos devanceiros, talvez a esgazadura que provoca esa dualidade identitaria?

Árbol de familia comeza coa pregunta pola identidade, desde a copla popular que lle serve de epí-



grafe: “¿Dónde estarán mis raíces? ¿De qué árbol soy rama yo?” E dedícase a respondela, debullando a historia de idas e voltas das dúas pólas familiares (a galega paterna, a castelá-andaluza, materna), desde o século XIX ata o presente do relato. *Todos éramos hijos* (2014) é en parte a súa continuación, focalizada agora na adolescencia desa narradora (Rosa, alcumada *Frik*), que era o punto de unión das xenealoxías en *Árbol de familia*. As secuelas da Guerra Civil, o peso do exilio (non xa só nos seus protagonistas directos, senón na “exiliada filla”), a melancólica sabedoría do derrotado, que encarna Antonio, o pai, son moi fortes en ambas as obras.

En *Las Libres del Sur* (2013) reparas nun capítulo da historia arxentina dos anos vinte onde salientas as figuras de mulleres independentes como Victoria Ocampo e María Rosa Oliver, mais tamén asoma unha muller galega: Carmen Brey... Carmen Brey é unha personaxe ficticia que representa un tipo novo e menos frecuente de muller: as universitarias que veñen da burguesía e que procuran opcións de vida máis alá dos encadramentos de xénero. Ferrolá, filóloga graduada en Madrid, discípula de María de Maeztu e de Ortega y Gasset, Carmen é parte desa outra emigración galega de intelectuais e artistas que tamén existiu, que tanto achegou á cultura arxentina, e que iría a máis ao longo da guerra e a posguerra civil. Houbo mulleres nese grupo, que contou entre os seus expoñentes máis bri-



llantes nada menos que a Maruja Mallo. Carmen rompe co estereotipo dos galegos e galegas representados nos traballos de máis baixa cualificación, lonxe das elites intelectuais. A emigración/inmigración galaica encarnou unha épica e unha ética, mais en todos os elementos (e en todos os xéneros); iso é xusto lembralo. Por outra parte, na novela, Carmen, máis nova que Victoria, é a súa interlocutora e admiradora, mais tamén a súa opoñente e crítica nalgúns puntos. A busca dun irmán perdido condúcea a acceder inesperadamente, desde outro ángulo, a unha Arxentina profunda, somerxida, que a Victoria non lle é posible ver desde a súa privilegiada posición.

Por último, que valoración persoal realizas do teu nomeamento como académica de honra na RAG e que supón este recoñecemento na túa relación con Galicia e a nosa cultura? A valoración fundamental, desde xa, é a miña gratitude infinita. Síntome honrada en todos os sentidos do termo, e recibo esa honra non no meu nome persoal, senón no de todos os arxentinos e arxentinas comprometidos con Galicia. Só agardo poder representalos como o merecen ■